Estimadas familias,

Comeza o curso 22/23 e queremos informar de como vai ser o funcionamento do comedor este curso. Desaparecen os protocolos COVID, as burbullas e as distancias. Voltamos a ter dous turnos como viña sendo habitual.

O servizo de comedor funciona dende o próximo xoves 8 ata o derradeiro día de clase. Os alumno/as de 4º infantil, salvo excepcións que deberán comunicalo, poden comezar dende o día 19, una vez rematen o período de adaptación.

1º turno: 13.45 a 14.30 h

Os alumno/as de infantil irán entrando ó comedor de forma escalonada a partir das 13.45 h que os monitores comezan a recollida polas aulas. Os alumno/as de primaria farano as 14.00 h.

Neste primero turno irán todas as crianzas de infantil e 1º de primaria. Dada a alta demanda de prazas de comedor, os alumno/as de 2º comezarán neste 1º turno, pero según vaia a demanda de prazas en infantil, poderían pasar ó seguinte turno. Se fose así comunicaríase ás familias.

O horario de recollida para este turno será dende as 15.00 h ata as 15.45 h

2º turno: 15.00 a 15.30 h

Os alumno/a de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria entrarán ó comedor as 15.00 h. Entre as 14.00 que rematan as clases e as 15.00 h estarán cos seus monitores facendo actividades, xogo libre…

O horario de recollida para este turno será dende as 15.30 h ata as 16.00

Lembramos a importancia de respetar os horarios de recollida, en caso de contratempo que non permita chegar a tempo debe avisarse a ANPA.

É tamén moi importante avisar das faltas a comedor, antes das 9.30 h do mesmo día pedir as comidas axustadas a demanda. Pode avisarse no local da ANPA, por whats app, mail, chamada telefónica…

Recupérase a posibilidade de comensais esporádicos, suspendido o servizo durante a pandemia, aínda que pola elevada demanda de prazas fixas pensamos que non haberá prácticamente disponibilidade.

¡Grazas pola vosa colaboración e bo comezo de curso!

ANPA a Barxa